

ACORDO do 17 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Mistral, situado no concello de Baltar, provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/029), DOG Núm. 206, de 28 de outubro de 2022.

Fin prazo para alegacións: 15/12/2022.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221028/AnuncioV0653-181022-0009_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Mistral	PE Mistral 4W, S.L.; CIF: B 72383748	Baltar (Ourense)	<p>– 7 aerogeradores modelo Vestas V112, de 3,3 MW de potencia unitaria, cunha altura de buxa de 94 m, diámetro de rotor de 112 m, cos seus correspondentes centros de transformación, situados na propia góndola dos aerogeradores, con potencia unitaria de 4.000 kVA e relación de transformación de 0,65/30 kV.</p> <p>– Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión en serie entre os centros de transformación dos aerogeradores e a subestación receptora do parque eólico, composta por dous circuitos con condutores tipo HEPRZ1 18/30 kV Al + H25 de sección variable segundo o tramo, o circuito 1 para a interconexión dos aerogeradores AG01 a AG04 coa SET e o circuito 2 para os AG05 a AG07 coa SET.</p> <p>– Subestación SET PE Mistral 30/132 kV, composta por:</p> <p>☑ En 30 kV celas de interior en configuración de simple barra: unha posición de protección de transformador; unha posición de transformador para SS.AA. de 100 kVA e relación de transformación 30/0,4 kV; unha posición de medida de barras; e dúas posicións de liña para a conexión dos aerogeradores. Todo co equipamento complementario para as funcións de control, mando e protección.</p> <p>☑ Parque a nivel de 132 kV en intemperie en configuración de simple barra, con dúas posicións de liña, onde se conecta tamén a liña de evacuación do parque eólico Tramontana, e unha posición de transformador de potencia, cos equipamentos necesarios de protección e medida; unha posición de medida de barras colectoras; e un transformador instalado en intemperie de potencia 25/30 MVA ONAN/ONAF e relación de transformación 132/30 kV.</p>

1. O proxecto de execución (visado o 2 de xullo de 2021).

2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e de dereitos afectados (RBDA, asinada o 13 de outubro de 2022).

3. O estudo de impacto ambiental (EIA) (asinado o 5 de setembro de 2022).

4. O proxecto de interese autonómico (visado o 2 de xullo de 2021).